

Plan de Acollida.

0.- XUSTIFICACIÓN.

A realidade sociodemográfica amósanos que nestes últimos anos incorpóranse a nosa realidade contextual cada vez un maior número de persoas que proceden doutras comunidades, países, realidades... e que escollen Galicia e , en concreto, Ferrol coma un novo lar onde emprender unha nova vida e novos proxectos.

A escola é o reflexo do que sucede na sociedade, e por iso dende o noso centro, ó CEIP de Ponzos decídese dar resposta a esta situación a través do Plan de Acollida, onde se establecerán medidas para que o primeiro contacto e a inclusión do alumnado que procede do estranxeiro e doutras comunidades e lugares do noso país se faga con plenas garantías pedagóxicas e democráticas.

A través deste plan de acollida pretendemos sistematizar unha serie de medidas para favorecer a adaptación deste alumnado. As actuacións irán encamiñadas dende dúas perspectivas: **interculturalidade**, adquisición e incorporación á nosa cultura e introducción de costumes propias do seu país e adquisición das linguas oficiais da nosa comunidade autónoma, Galego e Castelán.

Pretenderemos acadar dous grandes obxectivos coma centro:

- Asumir coma escola os cambios que conleva o intercambio e convivencia de culturas.
- Conseguir a total inclusión do novo alumnado ó centro, entendendo e respetando as normas que nel se inclúen.

O Plan de acollida incluírá medidas que non só se adoptarán en referencia ó alumnado extranxeiro, senón a todo ó alumnado de nova incorporación , tentando abarcar a dimensión da familia. Por outra banda a acollida atenderá ao profesorado de nova incorporación ó centro.

Entendemos a necesidade de abordar un Plan de acollida porque coma equipo docente comprendemos a necesidade de atender á diversidade, tal e coma se

establece na Ley Orgánica de Educación (LOE, 2006). Así entendemos a Diversidade coma un espectro moi amplo no cal se pretende garantir unha axeitada atención educativa que parte dende a situación real de cada alumno, considerando os intereses cos cales representa á súa realidade, percibe as expectativas que se xeran en torno a sí mesmo e as actuacións que se levan a cabo con él en relación os compañeiros e contexto que o rodea.

Compartir e aceptar esta realidade implica unha oferta educativa que non estea referido a nenos e nenas hipotéticos, senón un proxecto comprensivo, único e diverso que permita novas formas de sociabilidade e cuxo epicentro sexa a diversidade e non a uniformidade.

Na realización deste proxecto de acollida que se ubicará interrelacionadamente no plan de convivencia preténdese reflexar e atender a realidade da nosa escola en constante cambio.

Os seus obxectivos están en función da resposta educativa máis axustada ás devanditas necesidades, procurando que sexan realistas e viables, tratando de compensar as desigualdades educativas de orixe.

As actividades irán destinadas ó alumnado principalmente, pero sen olvidar os demais axentes educativos: mestras/es, familia e propia escola coma institución e sociedade.

Neste plan de acollida preténdese partir de principios coma a significatividade, a zona de desenvolvemento potencial, a creatividade, a inclusión... xa que este plan de acollida non pretende ser únicamente un recibimento as persoas que se incorporan por primeira vez ó centro, senón unha unidade didáctica mais que pretende desenvolver competencias básicas coma a linguaxe, a comunicación, relación e habilidades sociais, competencias emocionais...

O plan de acollida pretende ter en conta actividades que se desenvolven na Educación Infantil e na Educación Primaria, que xa se inclúen nos curriculums de actuación e que son aplicáveis á acollida:

En **infantil** priorízase a estimulación e trabállanse hábitos sociais básicos, dende o constructivismo, dous aspectos fundamentais que pretenden favorecer a adaptación social e a normalización educativa dende os primeiros anos.

En **primaria** considérase a linguaxe como vehículo imprescindible de acceso aos aprendizaxes escolares, entendendo que os alumnos deben afianzar os nosos idiomas, prioritariamente. En segundo ámbito, e sempre que o precisen, adquirir o Nivel de Competencia Curricular axeitado ó curso ou ciclo onde se atopan.

Ademais, e transversalmente, tendo en conta ó espírito que nos transmite a LOE (2006), ó Decreto 130/2007 que establece o curriculum da Educación Primaria e o Decreto 229/2012 que regula a atención á diversidade na CCAA de Galicia, preténdese potenciar ou iniciar, a través deste plan de acollida , a lectura e o desenvolvemento das TIC (Tecnoloxías da Comunicación e Información).

1.- CONTEXTO. A nosa escola.

O Colexio de Ponzos circunscribe no entorno reflectido no PEC, un colexio dunha liña tanto en Ed. Infantil coma Ed. Primaria cun nivel familiar situado nun entorno cultural, económico e social acomodado.

2.- INTRODUCCIÓN.

Éste Plan de Acollida é un documento base da nosa escola, parte fundamental e principal e que ademais de ser acollida ó novo alumnado, profesorado e demais membros da comunidade educativa, pretende ser carta de presentación da escola e exemplo de valores de solidariedade, de non discriminación, igualdade, respecto as diferencias individuais, cordialidade, democracia, interculturalidade... que se poden ver nas declaracións de principios ubicadas no PEC.

A acollida do novo alumnado, e en concreto do alumnado inmigrante, pretende evitar ser unha rutina administrativa fría e insípida, pretendendo ser algo máis cálido e familiar, tendo en conta a situación emocional do alumnado e familias que se incorporan por primeira vez, nalgúns casos deixando atrás unha vida, contexto e costumes para incorporarse a un novo país: Galicia.

Así éste Plan de acollida insírese dentro do Plan de Convivencia, e á súa vez

pasará a formar parte do PEC. Preténdese superar a “visión”, que tradicionalmente se ten de acollida á alumnado extranxeiro, pretendendo ampliar o concepto acollida en toda a súa dimensión: todo ó espectro de alumnado (alumnos e familias que se incorporan por primeira vez á Educación Infantil, 3 anos, alumnado galego e non galego que se incorporan por primeira vez ao centro en calquera nivel) e profesorado (de nova incorporación: substituto, interino, provisional ou definitivo).

3. OBXECTIVOS.

3.1. De cara ó alumnado de nova incorporación en xeral.

- Motivar á comunidade educativa para xerar un clima educativo no que o novo alumnado se sinta ben recibido, favorecendo unha progresiva adaptación e seguimento.
- Establecer un ambiente ordeado e acolledor que favoreza a interrelación do grupo cos novos/as compañeiros/as.
- Facilitar a responsabilidade e axuda do alumnado do centro, cara os recién chegados para que coñezan o medio escolar, hábitos e normas básicas.
- Asumir por parte do equipo de mestres o deseño curricular e posta en práctica da resposta pedagóxica a éste alumnado.
- Introducir, na organización escolar, os cambios e medios para que poida realizarse o proceso de aceptación-adaptación-integración do alumno de nova escolarización e do resto da comunidade educativa.

3.2. De cara ó mestrado de nova incorporación.

Cando un profesional se incorpora a actividade educativa entra nun entorno séptico empapado de valores, filosofía, métodos, maneiras de... O que se pretende é que os/as mestres/as que se incorporen por primeira vez nesta escola coñezan tódolos aspectos que a comunidade educativa aprobou democráticamente (normas, maneiras...), de xeito que os interiorice, enriqueza e aplique a súa práctica educativa.

Así propóñense os seguintes obxectivos:

- Coñecer tódalas instalacións do centro.

- Presentar os distintos membros da comunidade educativa.
- Explicar a filosofía educativa do centro, anexando copia resumida do ideario, PEC, NOF, Programación dos distintos ciclos...
- Complimentar os distintos aspectos administrativos: Folla de datos, entrega de horario, ...

4. MEDIDAS DE ACTUACIÓN E INCLUSIÓN.

4.1 De cara ó alumnado.

Para conseguir a inclusión do alumnado de nova incorporación plantexáñse unha serie de medidas que serán básicas na súa aplicación e levaráñse a cabo coa implicación de toda a comunidade educativa, sin a cal isto sería imposible, así:

a) Acollida á familia e ó/a alumno/a:

Cando unha familia chega ó centro co interese de matricular ó seu fillo/a, esta é recibida por un membro do equipo directivo, xeralmente o secretario, o cal lle informa dos documentos precisos para realizar a matrícula. Procurarase estreitar ó máximo a familiaridade, dentro da normal corrección, procurando que dende éste primeiro momento se produza unha axeitada acollida.

No caso de familias e alumnos/as de procedencia estranxeira requirírase unha especial atención, do seguinte xeito:

- Explicaráselles o proceso de matrícula e demais trámites administrativos con especial atención .
- Breve resumo da estrutura e funcionamento do noso Sistema Educativo.

*Para aquelas familias e alumnado que descoñezan as dúas linguas oficiais da nosa comunidade facilitaráselle unha copia no seu idioma do Sistema Educativo Galego facilitado pola Consellería de Educación a través do Portal Educativo.

b) Información sobre o funcionamento da escola:

Unha vez formalizada a matrícula , o secretario do colexio, informará ás

familias sobre o funcionamento do mesmo, a través das seguintes cuestións:

- Calendario escolar e horarios do centro.
- Material escolar necesario (Pertinencia ou non de solicitar os libros de texto, segundo a competencia lingüística).
- Normas que rexen a nosa escola (RRI).
- Sistema de avaliación (criterios, instrumentos, adaptacións...).
- Titor que lle será asignado (Presentación). Horas de atención a Nais/Pais.
- Actividades que se realizan fóra e dentro do Centro: saídas, visitas, revista,... Pediráselles a pertinente autorización asinada.
- Xustificación das faltas de asistencia.
- Servizo e funcionamento do comedor escolar.
- Información sobre as axudas que poidan disfrutar.
- Información sobre as funcións e actividades do ANPA. Posta en contacto cos mesmos.
- Información sobre a situación de Asociacións de diversa índole educativa , existencia de Servicios Sociais, Centro de Saúde Mental Temperá...

Poderase acompañar esta información cunha carta de Benvida, cun modelo coma o que nos aporta á Consellería de Educación (ANEXO1)

Neste mesmo momento poderase aproveitar para recoller unha valiosa información sobre as características do alumno e a súa familia, moi útil na práctica educativa. Exponse eiquí modelo que aporta á Consellería de Educación (ANEXO 2).

Por último ó remate da recollida de datos e entrevista, a xefa de estudos ensinará as familias as instalacións mais representativas da escola: dependencias, pistas polideportivas, comedor, biblioteca...

No caso das familias de fala estranxeira que descoñezan os dous idiomas oficiais, o centro estará a súa disposición para facilitar a comprensión de tódolos documentos de comunicación coas familias (Consellos escolares, circulares, autorizacións...)

Ambientación da Escola.

Para conseguir unha benvida mais cálida, o primeiro día de clase, colocárase un cartel de benvida ó novo alumnado, nas distintas linguas dos países de procedencia do alumnado da escola.

Conscientes da importancia de que toda a comunidade educativa teña un mínimo coñecemento dos países de procedencia dos alumnos inmigrantes e das súas familias, elaboraránse murais, paneis, collages... que conteñen o mapa do país correspondente, a súa bandeira e súas características xeográficas básicas: extensión, poboación, idioma...

Estas iconografías estarán expostas, de forma permanente, nos corredores do centro.

Pódese propoñer a realización de traballos por parte dos nenos, búsqueda de artigos, material multimedia... que se exporán nos anteditos paneis, se poderán visualizar na sala de audiovisuais (por exemplo no momento de titoría), ou se poderán publicar na revista da escola.

Para mellorar á orientación, colocaránse carteis, os primeiros días da incorporación ó centro, nas distintas dependencias nos idiomas do alumnado de procedencia.

Exemplo:

Salle à manger/Francés
Comedor/Galego

c) Acollida do alumnado de nova incorporación no grupo / aula.

A acollida en sí mesma é unha responsabilidade e unha actitude, responsabilidade non só do mestre que ten ó alumnado de nova incorporación, nin de un departamento en concreto, senón que a acollida é responsabilidade de todos e un ben para todos.

Ésta actitude solidaria é a que ha de ter toda a comunidade educativa, e é moi útil para educar en valores, e favorecer aspectos coma a adquisición do noso idioma e inmersión lingüística do alumnado que procede do extranxeiro na nosa escola.

Así as pautas de actuación a ter en conta no acollemento do novo alumnado na aula serían:

- Ó/A titor/a explicará á clase a nova chegada dun compañeiro/a, dirá o seu nome os compañeiros/as. No caso de que proveña doutra comunidade ou dun país estranxeiro, sinalarase a ubicación deste nun mapa. Farase fincapé na necesidade de ser moi hospitalarios/as.
- O día que o alumno/a se incorpore ó grupo – clase, o titor/a presentarao ó grupo de alumnos/as. Proporanse a realización de actividades de carácter lúdico para recibir o compañeiro/a. Pedirase que , se as súas características o permiten, se presente ante a clase, e fale un pouco dos seus gustos, aficións familias... Se provén dun país estranxeiro ubicarase no mapa de novo, e escribirase o seu nome na súa lingua. Como exemplo de actividade, pódese propoñer o saudar o neno nos distintos idiomas que se dan na Escola (segundo a procedencia dos compañeiros).
- Asignarase, co transcurrir dos días , e vendo as súas afinidades, un compañeiro/s titor/es. Estes acompañarán polo centro, ensinándolle as estancias, favorecerán a súa integración e inclusión nas actividades da comunidade educativa promovendo que se sinta aceptado. Buscarase, por parte das mestras/es, a implicación de tódos os alumnos/as neste proceso.
- Explicaráselle as normas de convivencia do centro, buscando a súa aceptación e compromiso coas mesmas. No caso en que o novo alumno/a, non domine o noso idioma buscarase un intérprete (neno que domine a súa lingua ou algún adulto experto) ou daráselle as normas por escrito, no seu idioma.
- Segundo o principio de Premack (1977), potenciaranse cara o seu grupo – clase as súas habilidades positivas, aumentando o seu autoconcepto e autoestima e aceptación por parte do grupo. Deste xeito tamén se consegue a mellora naquelas habilidades que non ten tan desenvolvidas.
- Darémolle, en canto a súa autonomía o permita, responsabilidades na aula coma: delegado, mediador na aula...

d) Pautas de comunicación básica para o alumnado de fala estranxeira.

- Falar do presente e de actividades cercanas, do entorno próximo... Evitando falar de acontecementos e temas, que nun principio lle poden resultar complexos.
- A comunicación ha de desenvolverse con normalidade, evitando xesticular en exceso, falar moi alto, alterar a estrutura da frase... Utilizaránse frases sinxelas, pronunciaráse con claridade, boa vocalización...
- Utilizar preguntas de resposta si/non, favorecendo a súa comunicación e participación na conversa.
- Non se darán por boas frases incorrectas, axudarásese a que as completen ben, que pronuncien ben as distintas palabras (evitando unha excesiva insistencia),...
- Recurrirásese á mímica, xestos, onomatopeias... cando sexa preciso, evitando recurrir en exceso a estos medios.

e) Colabora e comunicación con axentes externos.

A acollida e a atención do alumnado de nova incorporación, principalmente se estamos falando de alumnado estranxeiro, ha de ser abordada interdisciplinariamente.

Así facilitarásese as familias deste alumnado direccións e teléfonos que lles poden ser de utilidade para a súa integración, de entidades coma: Servicios sociais do concello (para acollerse a axudas, plans de formación educativa...), Sanidade (para poñer en regra os seus papeis e atención sanitaria), Delegación do Goberno a nivel de inmigración... e todas aquelas institucións que se pense poidan ser de utilidade.

4.2. De cara os mestres de nova incorporación.

A acollida dos novos mestres ó centro estruturarase en dúas xornadas que se dividen do seguinte xeito:

1º Día: Aclimatación e toma de contacto co centro.

2º Día: Inicio das docencias e coñecemento do grupo – clase.

4.3. Adaptación dos alumnos que inician a súa escolaridade en 4º de Educación Infantil.

O alumnado de Ed. Infantil, no nivel de 4º curso (3 anos), terá un período de adaptación paulatino ao réxime xeral de escolaridade, que abranguerá o sinalado na disposición legislativa que regula anualmente o calendario escolar.

A adaptación realizarase do seguinte xeito:

Aínda que o período de adaptación ven establecido na orde que regula o calendario escolar, o sistema organizativo do centro decidiu que o período de adaptación no colexio de Ponzos durante todo o mes de setembro, previo aviso as familias de 3 anos de que a duración do período de adaptación é ata que a administración o estipula, e as familias que así o decidan poderán traer os seus fillos toda a xornada antes de rematar dito mes.

O período de adaptación guiarase póllos seguintes parámetros:

- Nos primeiros días de setembro realízase unha reunión cos pais explicando o período de adaptación e as normas básicas de funcionamento do centro.

Proporcionánselle unhas pautas e entrégaselles un folleto indicando a que grupo pertence cada neno e a planificación do período de adaptación.

- O período de adaptación realizarase mediante grupos de 5 ou 6 nenos que acoden a aula en períodos curtos de tempo. Posteriormente os grupos iran aumentando ata que se xunta toda a clase na última semana do período de adaptación.

- En outubro comezan coa distribución e horario xeral.

Nestes primeiros días os pais/nais ou titores/as legais, acompañarán ao alumnado na aula para que diminúa a ansiedade por separación.

5. PROPOSTA TIPO DE ACTIVIDADES.

5.1 De cara ó alumnado.

Neste apartado incluiremos unha serie de actividades a desenvolver co alumnado de nova incorporación. Actividades que cada mestre/a – titor/a desenvolverá tendo en conta as peculiaridades da súa aula, o tipo de

alumnado...

O enfoque que se dará a este plan será o de interculturalidade, o alumnado de nova incorporación asume as regras da nosa comunidade educativa e entorno, e no caso do alumnado inmigrante, nós coma comunidade adquirimos aspectos e costumes positivas da súa cultura.

De entre as actividades que se poden propoñer para a acollida do alumno/a na aula estarían:

- Actividades en pequeno ou gran grupo onde cada membro da aula se presente, e fale das características persoais propias, aficións, gustos...,
- Actividades de descrición da aula..., onde se expresen métodos para traballar...
- Actividades onde se fagan murais e recompile información sobre os distintos países de orixe do alumnado da nosa comunidade educativa.
- Elaboración de carteis, nos distintos idiomas de procedencia do alumnado que etiqueten as distintas estancias da escola.
- Actividades culturais: profundización nas costumes e cultura dos distintos países do mundo que están representados na nosa comunidade educativa: busca de información na rede, visión de documentais, semanas ou días culturais onde se presenten representacións da gastronomía, folclore, costumes, bailes... dun determinado país.

5.2. De cara o profesorado.

1º Día: As actividades que se propoñen para levar a cabo nesta primeira toma de contacto co profesorado serían:

5.1.1. Nun primeiro intre:

- Nun primeiro intre preséntase o novo profesor ó equipo directivo.
- Posteriormente cubriranse tódolos papeis relacionados coa toma de datos persoais, ficha, presentación de documentación...

- Faise unha explicación síntese do contexto onde se ubica ó CEIP de Ponzos, servicios cercanos, orixe do barrio...
- Apórtase, no caso de que sexa unha persoa doutra localidade, información sobre alugueres, guía de Ferrol e comarca, lugares de interés...
- Explícase a filosofía do centro, obxectivos a cumprir, ideario, regras e normas que o rexen, composición de órganos colexiados,...
- Entrégase o horario que terá, e o nivel de grupo/clase (no caso de que se incorpore co curso comezado).
- Apórtase copia – resumo dos diferentes plans e proxectos do Centro (Libro do centro)

5.1.2. Posteriormente:

Unha vez se lle aporta a información básica, de xeito que coñeza aspectos fundamentais do centro, pásase a unha segunda fase na que:

- Se lle presenta os distintos compoñentes da plantilla do centro: mestres e PAS. Nun clima de total colaboura e axuda nestes primeiros días de adaptación. Acláranse cadansúas funcións, no caso de que sexa preciso.
- Acto seguido, por parte do responsable da acollida, ensínanselle as instalacións do centro educativo explicándolle o funcionamento e aspectos coma por exemplo petición de quendas para o uso de audiovisuais...
- Por último explicaráselle as características do seu grupo – clase por parte do xefe de estudos, e si é preciso o equipo de atención á diversidade, a través da orientación do centro explicará características específicas do/a alumno/a ou grupo de alumnos/as que presenten necesidades específicas de apoio educativo, así coma apoios a realizar, atención educativa, realización /aplicación de ACI´s.

2º Día: A partires do segundo día o mestre, con toda a información obtida e as dúbidas resoltas, por parte dos distintos profesionais do centro, comezará a desenvolver a programación establecida para o grupo

– clase ou apoio que lle fora designado.

Éste apartado está destinado para aqueles mestres/as que se incorporen co curso escolar iniciado. Aqueles que se incorporen a inicios de curso, desenvolverán a programación para a súa aula ou especialidade que se envía a inspección.

Faráse un especial seguimento, nos primeiros días por parte do equipo directivo e/ou do Departamento de Orientación da aclimatación do mestre/a a escola e o seu grupo – clase, apoiando e procurando atender as necesidades e propostas que poidan surxir.

6. AVALIACIÓN DO PLAN.

A filosofía de avaliación do noso plan de acollida parte duns principios de flexibilidade, funcionalidade, revisión, reversibilidade, e cun enfoque democrático da avaliación (Simons, H. 2001), buscando unha mellora contínua na súa aplicación e desenvolvemento.

6.1. Criterios de avaliación.

Os criterios que rexerán a nosa avaliación serán:

- Seguimento realizado na mellora do plan.
- Grado de consecución dos obxectivos da acollida.
- Grado de coordinación do profesorado, en relación as accións levadas a cabo en canto a acollida.
- Autoevaluación das estratexias utilizadas polos implicados na acollida.
- Grado de satisfacción da comunidade educativa.
- Nivel de formación do plan cara a comunidade educativa.

6.2. Temporalización.

A avaliación do plan será contínua en cada actuación desenvolvida, pero proporáse un tempo de un ano na avaliación xeral.

6.3. Momentos da avaliación.

6.3.1. De cara ó alumnado.

Desenvolverase en tres momentos:

- **Avaliación Inicial:** realizada a través de cuestionarios a toda a comunidade educativa, onde se comproba o nivel de convivencia e de

acollida. De aquí extráense unhas necesidades* que rexen o deseño deste plan.

* As necesidades plasmadas polo profesorado familias e alumnado, pódense consultar no Plan de Convivencia.

- **Avaliación Procesual:** desenvolvida por parte de cada mestre/a que comunicará os responsables da acollida do centro os hándicaps que ve no desenvolvemento deste plan.
- **Avaliación Final:** en consenso, no observatorio da convivencia, o final de cada curso escolar, onde se transmitirán as instrucións oportunas para a modificación e mellora dos distintos aspectos do plan.

6.3.2. De cara o plan de acollida dos mestres/as.

A avaliación para o plan de acollida dos mestres, será anual, e proporáanse modificación no momento da súa aplicación, correxíndose por parte do equipo directivo e/ou Departamento de Orientación.

7. CONCLUSIÓN.

Ao longo do desenvolvemento deste Plan o que se pretende é favorecer unha acollida dos distintos membros que se incorporan á Comunidade Educativa en igualdade de condicións.

Este Plan de Acollida elaborouse en base aos principios de igualdade, interculturalidade, comprensividade, normalización e inclusión.